

PROSA e VERSO

B R È T E M A S

POR

EUGENJO CARRÉ ALDAO




A CRUÑA

EMPRENTA E LIBREIRIA DE E. CARRÉ

1896

11
43
ca



D Galo

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

Biblioteca

BRÉTEMAS

Do meu querido amigo
Galo Salinas
enjundado

PROSA e VERSO

B R E T E M A S

P O R


EUGENIO CARRÉ ALDAO



A CRUÑA

EMPRENTA E LIBREIRIA DE E. CARRÉ

1896





À miña Dona
Purificación Álvarez Pena

Como á ti, ninguen mellor á
quen adicar estos renglós.

Nas tristuras é ledicias da
vida juntas van as nosas almas,
e junta debe de ir o teu nome ao
primeiro libro que dou ao prelo.

Eugenio.







A QUE N ME LEA

De tanto e tanto meu filllo, literariamente falando, que des que nascen auda pol-o mundo sin levar o nome do seu paí, quixeu recoller u-as follas de un libro os mais que poidera para tel-os ao meu abrauguer; pero a pouca curidá que tiveu de os conservar u-a sua mocedade ao meu carón, e os non poder atopar, por demasiado vellos, cando os busquei (jóake Deus porque camiños, congostras e corredoiras andau!), é ó que fai que seian poucos, e non dos melliores, os que van u-esta obra; mais tal cal céo don abi os tedes.

Us, os mais cativos, sou os propios; outros, os de maior valer, se nou pol-a forma pol-o pensamento, sou os alleos, quero decir, as traduccions. Compremis que faga esta declaracion e dé á cada um ó seu.

Ningum pai deve renegar dos seus fillos, e ja é tempo que os meus leeu o nome á que leuu de-reito, para que outros nou paguem culpas alleas.


E. C. A.





VERLOS







BRÉTEMAS

«Brétemas, brétemas pardas
amigas da miña terra;
ja que turbades os ollos
non turbedes a concencia.»

BARCIA CABALLERO.

Cando a brétema xurde do río
crecendo, crecendo
vai cubrindo c'o mouro ropaxe
o val e os outeiros;
así as penas que xurden n-as almas
crecendo, crecendo
van cubrindo de brétema espesa
a fe que nos temos.

—
Mais ao fin cal do sol a rayola
rachando as tenebras,
fai fuxir en anacos as nubes
que envolven a terra,

se rexurde da fe n-as rayolas
a quente moxena,
nos acougan as loitas da vida,
n'abrayan as penas.

Porque a vida sin fe non é vida
e solo somella
cal se o mundo c'as sombras da noite
coberto estivera.

Fai, meu Deus, que n-as coitas que cheguen,
s'é maina a concencia,
non nos tolla c'a brétema a duda
a fe que está acesa.



OS TECELÁS DE SILESIA

(DE HEINE)

AO HISTORIADOR GALLEGO

meu ilustre amigo

DON MANUEL MURGUÍA

Calados, sin a fe, ja non as bagoas
 Mollan o vulto d'estes pobres servos.
 Chavean, marmulando, cando abancan,
 Cantos de morte que recolle o vento:
 «Vella Alemaña, teu sudario branco
 »Tecendo están n-o escuro nosos dedos,
 »E n-a tea misturan nosos labres
 »Da maldición e da carrage os feros.
 »¡Tecemos! ¡Tecemos!

»Maldito seja o Deus que fai ditosos
 »Ao que non chegan, non, os nosos prégos,
 »Nin ve a fame que mirra nosos corpos,
 »Nin a friage que tolle n-os invernos.
 »Non nos sirveu a fe que n-Él puximos;
 »Él nos vendeu cal fato de cordeiros...
 »¡Tecemos! ¡Tecemos!

»Maldito seja o rei, o rei dos ricos,
 »Ao que pedindo de amargura cheos
 »Caridá para nos e para os nosos
 »Por esmola, nos rouba o derradeiro...
 »E danos por resposta aos nosos prantos
 »Facernos metralar como juvencos.
 »¡Tecemos! ¡Tecemos!

»Maldita seja a patrea, sí, maldita,
 »Cando se ve aldraxada pol-o alleo,
 »E non tendo carrage perde o folgo
 »Sufrindo a canga sin morrer primeiro.
 »Maldita a patrea que, de gionllos posta,
 »Non sabe erguerse e defender seus eidos...
 »¡Tecemos! ¡Tecemos!

»O canivete vða, o tear renxe;
 »Día e noite sin parar tecemos.
 »Vella Alemaña, teu sudario branco
 »Tecendo están n-o escuro nosos dedos,
 »E n-a tea misturan nosos labres
 »Da maldición e da carrage os feros.
 »¡Tecemos! ¡Tecemos!»



AS ILUSIÓS

AO MEU AMIGO DA INFANZA

JOSÉ BLANCO VILARIÑO

As ilusiós n-a vida
se van deixando
n-as silvas do camiño
en mil anacos.
¡Feliz quen chega
hasta o fin da jornada
e ilusiós leva.

—
Ilusiós e esperanzas
fun somentando
n-as beiras do camiño
meus verdes anos.
Hoxe, ja vello,
as ilusiós da vida
despareceron.



CONTINUATION

of the first volume.

BY J. H. GREEN,

Author of "The

"American

"Antislavery

"Principles," &c.

"The Slave's

"School," &c.

O DERRADEIRO ASILO

(IMITACIÓN DE JEAN RICHEPIN)

AO MEU AMIGO O CLÁSICO ESQUIRTO

FLORENCIO VAAMONDE

C'o triste canto
do *de profundis*
a negra hestorea
vouvos contar,
 de tres pequenos
 ¡pobres creanzas!
 sin agarimo,
 sin nai nin pai.

Mortos c'a sede,
cheos de fame,
pol-os camiños
morrendo van...
 ninguén os coida
 nadie os recolle...
 ¡qué triste é verse
 sin nai nin pai!

Solos n-o mundo
van camiñando...
n-hai quen ropare
por onde van...

sementes jantan
cando eles soñan...
¡ai, pobres nenos
sin nai nin pai!


Chegan aa praya,
que nunca viran,
e ja n-a orela
do imenso mar,
éste lles fala
c'a meiga voce
que fala aos nenos
sin nai nin pai:

«Vide, qu'eu teño
»tenro agarimo
»n-o meu régazo
»para os que van
»de coitas cheos
»cruzando a vida,
»porque non teñen
»nin nai nin pai.»

Os rapaciños
cheos dos feros
que ofrez a vida
c'o sen pesar,
buscan n-os brazos
do mar salobre
ó que lles falta...
a nai e o pai.

Inda marmulan
as moles ondas
c'o de profundis
que entona o mar,
a negra hestorea
dos pequerrechos
sin agarimo,
sin nai nin pai.





¡SIN NOME!

AO POETA GALLEGO MEU BON AMIGO

ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ

Nobles patrizos pol-a patria loitan:
mais esquenida das murchadas glorias
non sinte que as cadeas do estranxeiro
seus brazos aprisoan.

Dos que loitan por ela fai aldraxe:
os mais dos fillos da sua nai renegan
e por cobiza vil de podeirío
trastrocan a concencia.

Fillos e ouro, todo lle arrapañan,
o seu nome luxar queren n-a historia
e en *equis* da unidade, ao convertila,
poñela na picota.

¿Non sintes, patria, da carrage os feros,
nin n-as meixelas a calor da honra?
¿non hay patria, ¡meu Deus! non chegaremos
á realizal-a obra?

Nobles patrizos pol-a patria loitan:
acordal-a farán ao fin e ao cabo,
e tirás e cadeas, n-o seu trunfo,
os ceibará en anacos!



COITAS IGUALES ⁽¹⁾

Ao meu amigo

ANDRÉS M. SALAZAR

Esas nenas errantes pol-as ruas,
que pol-a primaveira venden flores
y-en farrapos envoltas, n-a miseria
vivindo, morren:

Esas pobres rapazas, sin acorro,
c'os seus membros tolleitos da friage,
orfas n-o mundo, sin abrigo e chouza,
mortas de fame:

Esas nenas ¡meu Deus! esas pobriñas
que loitan sempre; que caendo van
sin topar agarimo, soilas, tristes,
¿non son miñas hirmás?

(1) Traducción de LES BOUQUETS DES PAUVRES, de Paul Bourget, premiada en el Certamen literario celebrado en Pontevedra, en 15 de Agosto de 1892.

Elas vendendo ramos para festas
que non soñan quezais,
y-eu compoñendo versos á unha ingrata,
sofrimos por igual.


Elas y-eu temos abondo
coitas e penas sen nengun pracer,
qu'as ditas e tristuras n-este mundo
non deixan escoller.

Mientras eu canto morrendo
á quien é xorda'ò meu rogo,
as nenas facen ramallos
para servirlle d'adorno:
¡as pobres morren de fame!
¡eu cheo de penas mørro!
e meu ben, lendo os meus versos,
os ramíños cede a outro,
sin saber que ¡tristes nos!
vivimos n-o desconsolo,
en esas noites tan longas,
calenturientas, sin sono,
eternas para quen sofre
mais da y-alma que do corpo,
sin ter alivio n-as bagoas
que non s'asoman aos ollos

e afogan o corazón
por non convertirse en choro.
E ante tan rudo sofrir,
para descansal-o corpo
e volverlle a paz á y-alma,
sentimos deseios fondos
de acabar tan pobre vida
dormindo c' o eterno sono.

Mais non impide tan terrible coita
que ao ver alborexar o novo dia,
tornemos ao suprio da esistencia,
sufrindo as agunias
d'aqueles que n-o mundo soilo alcontran
miserias e ruinas.
Elas traballan pr'o mundo,
eu par'aquela que me da tormento,
elas facendo ramallos
y-eu ¡triste de min! meus pobres versos.





DERRADEIRO DESEIO

(IMITACIÓN DE TH. GAUTIER)

Ao amigo e dramaturgo

GALO SALINAS RODRIGUEZ

Non é de hoxe, non é: fai longo tempo
Que teño n-o meu peito teu recordo.
Eras tí nena: eu... ¡cuasi ja un vello!
Cando pousache en míñ teus negros ollos.

Inda me lembro que sentín estoncés
Ó que nunca sentira n-o meu peito:
Pena e placeres, dôres e alegria,
¡Misturados os ceos c'os infernos...!

Tí comenzaas a vida da esperanza,
Eu ao fin da jornada vexo a noite;
Tí têns côres de rosa n-as meixelas,
Eu solo teño a palidez da morte.

Tí vives de ilusiós, eu de recordos;
Tí és a primaveira, eu son o inverno;
Tí tés de ouro o cabelo, eu, pol-as coitas,
Da frente murcha, plateado o cerco.

O sol da miña vida se esmorece,
Eu vexo a tumba preto do ciprés,
E á sombra agarimosa que me brinda,
Farto ja de vivir, reposarei,

Si cando morra acercas ¡miña vida!
Teus labios de coral aos meus ja fríos,
E bicasme unha vez, unha tan solo,
Para que poida descansar tranquilo.



A COSTITUCION

AO POETA MEU AMIGO

AVELINO BARBEITO

Dempois da revolución
quixo o pobo sobeirán
non ter por dono un tirán
e douse a costitución.

Con festas e luminares
Tod'o país ó celebra,
mostrando non tel-a quebra
de quen atende os pesares.

Mais, alá, n-a miña aldea
houbo un demo d'un viciño
que con acento mainiño
cramou qu'a cousa iba fea.


Eu lle dixen:—Tío Roque
¿non lle gusta?

—¡Non!

—¿Por qué?

—*Porque a gaita boa é,
mais faltará quen a toque.*





(DE HEINE)


AO AUTOR DAS «LÍRICAS GALLEGAS»

EVARISTO MARTELO PAUMAN

¿Quén o reló inventou? ¿Quén atreveuse
A carreira do tempo á sinalar?
Un home foi: tristeiro, esmorecido,
Longa noite do inverno ao pe do lar
Vendo fugir cal lostrego a ledicia
E as coitas pregizosas camiñar,
Do verme que ó rilaba o renxe-renxe
Ajudoulle seus doores mensurar.

—
¿Quén o bico inventou? Foron os labios
Acesos polo amor de unha muller
Que agarimosa os bicos espancia
Sin coidar que chegaran á nocer.
Era o Mayo: as flores rescententes
Espallaba a nai-terra do seu ser:
As rayolas do sol o chan bicaban
E os paxáros chiaban c' o placer.






EPIGRAMAS

Jan quixo ser un señor
e vivir sin traballar,
sin tel-o con que pasar,
pois era un pobre pintor.

Eu non sei como logrou
o chegal-o á realizar;
mais s'empeñou en medrar
e por medrar s'empeñou.

O dentista eche un señor
que arranca as moas alleas
para jantar él mellor.





Á PATRIA

(Do libro CELISTIAS de VICTOR BALAGUER)


AO AUTOR DE SALAYOS MEU BON AMIGO

MANUEL NUÑEZ GONZÁLEZ

Eu son ;ou patria miña! eu son o derradeiro
Dos teus murchados louros, cativo gabador;
Eu son quen despendura sua lira do salgueiro
E preto ja da morte cantar quer o postreiro
A fe dos seus maiores, á patria e mail-o amor.

Eu laudo tuas virtudes, teus feitos fazañosos,
Eu vivo n-o fidalgo d'un tempo que fugeu;
Eu son ;ou patria miñal quen louba teus fermosos
Exemplos e consellos que seian proveitosos...
Se á odiar insiñan outros... á amar insiño eu.





O GAITEIRO DE GIJON

(DE DON RAMÓN DE CAMPOAMOR)

A MIÑA COMADRE E SOBRIÑA

Maria Seijo Benasset

I

O baile estase amañando,
e o gaiteiro ¿onde estará?
—Sua nai está enterrando,
mais decóte chegará.
—E ¿virá? —Pois ¿n'ha de vir
c'o seu deber á comprar?...
Vel-o ja cara ó rueiro...
mais, ¡cal terá o curazón
o gaiteiro,
o gaiteiro de Gijon!

II

¡Miña xoiña! ¡Ao pensar
que a morte levoulle á eito
a legría do seu lar,
quéimanlle as bágoas o peito!
Mais, o sostén dos hirmás
ten que buscal-o co as mas
n-os buratos do punteiro,
anque cheo de aficion
o gaiteiro,
o gaiteiro de Gijon.

III

¡Sua nai! era unha pomba
doce e tenra n-o seu mimo...
¡Mais agora fera a tomba
rouboulle seu agarimo!
¡Chora e sopra! ¡Crudel morte!
Mais os labios d'esta sorte
non balan com'o cordeiro,
que ruxen com'o lion...
do gaiteiro,
do gaiteiro de Gijon.

IV

A nena mais beiladora
¡Agiña! ¡agiña! — lle dí —
e o gaiteiro, infrando, chora
somellando que se rí.
Ao axexar que os adivirte
y esbagulla ¡tes que rirte!
¡Asobían n-o rueiro,
os mozos sin compasion
ao gaiteiro,
ao gaiteiro de Gijon!

V

Clama o pobre co a tristor
antre soprar e soprar:
— ¡Ai naiciña, meu amor,
case alivia o salayar!
¡Y-é que lle zoa n-o seo
a voz que rubiu ao ceo!
¡Voz que malia o mundo enteiro
sempre ouzará o corazon
do gaiteiro,
do gaiteiro de Gijon!

VI

Decide, nenas, comigo:
¡Canto gaiteiro hai asín!
¿Perguntais por quén ó digo?
Por vos ó digo e por mí.
¿Non vés que ao faguer, letoras,
deloras e mais deloras...
mentras eu morro tristeiro
vol-as decides, ao son
do gaiteiro,
do gaiteiro de Gijon?



CONTO

A O CRONISTA DE ORTIGUEIRA

MEU AMIGO


FEDERICO MACIÑEIRA

Unha noite n-o muiño,
 É un dicir, estando fora
 S'hacharon moi á deshora
 Unha rapaza e un mocíño.

O galán foi estrevido,
 A nena un pouco cobarde,
 E algo pasou, por ser tarde,
 Que logo foi conescido.

Un perguntou con cobisa:
 --¿Cómo non berrache, nena?
 E respondeu moi serena:
 —E quén podía co a risa?






EPIGRAMAS

O usureiro Anton Reventa
dis que non quere jogar
ao jogo mais inocente,
porque non juzga prudente
ter un dia que *pan...dar*.

Tras de longa enfermedá
vendo que a morte está longe,
á Jan do Monte Soronxe
o doutor orde lle dá,
que pra repoñerse agiña
poide ja algo jantar,
mais deberá de coidar
seia cousa ligeiriña.

E Jan que padex a febre
de dar traballo aos seus dentes,
sigueu as ordes prudentes...
e se jantou unha... *lebre*.






O MÉTODO

(DE CAMPOAMOR)

Ao meu amigo ANTONIO SENANDE

Veu Gil d'un albre tombar
cinco paxáros á eito,
e todos cinco d'un geito
quíxós á un tempo pillar.
—«Deixa, bon Gil, o trotar
pois non pillarás ningún.
Non corras así ao tontun
tras eles, con tanto ahinco,
pois para pillar os *cinco*
tes de comenzar por *un.*»








(DE BECQUER)

AO MEU AMIGO O POETA

FRANCISCO LUMBRERAS

Vou en contra de mí á confesalo;
 mais eu, amada miña,
 penso cal tí, qu'un verso solo é verso
 d'un billete do Banco esquiro enriba.
 Non fallará, non, quen ao escoitalo
 faga as cruceis, e diga:
 «Muller ao fin do sigro dazanove,
 »solo pensa n-o cartos...» ¡Tolería!
 ¡Voces que fan correr catro poetas
 que n-o inverno se quentan co a lira!
 ¡Berros, solo, de cas á branca lua!
 Ti ben sabes, cal eu, que n-esta vida
 con *genio* son contados os que esquirben
 e con *diñeiro* calquera *face* rimas.





¡Vœ victis!

AO MEU DISTINTO AMIGO
RAMON BERNARDEZ
ilustre abade da R. e I. Colegiata
DA CRUÑA

Non chorando, non plañendo
se conquire ó que se ansia,
libertá.

Sô n-as loitas, combatendo
se ao dereito a forza guia,
trunfará.

O que humilde seu dereito
tan sô da lengua n-o tempre
ó confia,
non espere tel-o á geito,
que d'alleos sofre sempre
tiranía.

Que á quen chora, nada presta,
pr'a justicia sempre é cedo,
nunca ven:
mais s'ergundo fero a testa
n-os tirás espalla o medo,
todo ó ten.

—
Que se Brennus é quen manda,
é que leva aparellada
c'a razón
o *pve victis!*, e a demanda
fai valer co a sua espada...
senon, non.



OS PAIS E OS FILLOS

(DE CAMPOAMOR)

AOS MEUS FILLOS

Un enxame de paxaros, pechałos
 Puxo en forte gaiola un mariñeiro,
 E voaron os pais, dende o piñeiro,
 Agarimo á levar aos prisonados.

«Se veñen — dixo o dono — aparellados
 A coidar dos seus fillos ó primeiro,
 Quero ver cal, estando prisioneiro,
 Os fillos ao seu pai prestan cuidados.»

Deixa n-as redes a parexa envolta:
 Despecha a porta do tramado arame,
 Aos pais encerra, aos fillos dalles solta.

Fugeu dos pequerrechos todo o enxame,
 E tristeiros ao ver que no dan volta
 ¡Ve cal morren os pais co a pena e fame!



Digitized by Google

CONTOS

Bardallando como dez
e sen pisca d'aprensión
quixo Jan n-unha ocasión
ser solo á leval-a vez,
e con modos sen creanza
á ninguén deixa falar
pois sabe que n-o rifar
quen mais berra mais alcanza.

A custión era o saber
dos gandos cal é o mellor:
se o que ten o labrador
pra o traballo e pra manter,
ou se mais val o de ceba
que folgado e sen traballo
chega hasta boi desde almallo
co a boa vida que leva.

Ao ver Jan que alguén lle sal
levándolle o contra pelo,
coidando deixal-o lelo
dille en tono doutoral:
—«A quen, cal míñ, deprendeū,
solo outro sabio fai festas,
que en de falando de bestas
non hay outro como eu.»



À REXURDIZÓN DO SEÑOR

(de D. José Iglesias de la Casa)

AOS MEUS COMPADRES

MANUEL ARCAY Y EUGENIA PENA DE ARCAY

Laudemos ao Señor que vitorioso
Redimeu da prison seu pobo amado,
A majestade do Príncipe dos Ceos,
E do rei sen piedade o fero espanto.

Da sua sangre n-a púrpura cinguido
E de fermosos aldraxes coroado,
Baixou ao limbo o Redentor do mundo,
Que foi n-a Cruz, para vencer, pregado.

Lucifer e suas hostes das tenebras,
¡Oh qué berros do peito non ceibaron!
Os marelos funestos estandartes
O medo lles tirou feitos anacos.

Chegou Cristo glorioso n-as insiñas
Da Pasión Santa, e c'o seu forte brazo
Da majestade visteu os tribunales,
Onde lei cobizosa fixo esclavos.

Tremaron as soleiras baixo a planta
Do eterno vencedor, e pol-o espazo
Espallou o candor do sacro lume,
Onde estaban os pais encadeados.

Despois aquel Rei forte e podeiroso
Tirou consigo d'aquel fondo lago
Libres as almas dos primeiros justos
E levounas ao ceo que esperaron.

Da eterna majestade n-a compaña,
Seu corpo n-o sepulcro está agardando
O rexurdir, enchido de esplendores,
Cal está, ao Sol terceiro, siñalado.

Jesús, divino Rei, para que seias
Pascual gozo das almas, vainos dando
Nova vida, e tollenos piadoso
Do espantable camiño do pecado.

A sempre eterna gloria ao Pai se deia,
E ao Fillo cuyo trunfo nos louvamos
E ao Santo Amor, que dos dous procede,
Un Dios, que impera por eternos anos.



A CHEA

(Do libro GRITOS DE COMBATE de GASPAR NÚÑEZ DE ARCE)

Ao meu amigo

O AUTOR DA CAMPANA D'ANLLONS

DENANTES

Todo ó enche a paz: ninguén suleva
A maina calma do campo cobizada;
Joga o vento cás follas n-a ponlada,
Pol-as beiras do río e n-a restreva.

Aberto o rego do Segura leva
Aos murchos campos a auga deseizada
E o ribeiran de vida traballada
Vai a terra labrando co a esteva.

Ao través do arboredo rescondente,
Dos verdes laranjeiros, n-a ladeira
Ve a ledá casa, pol-o Sol irisa.

Ditoso traballando oi juntamente
C'o doce canto da sua compaíneira
Dos meigos fillos a singela risa.

DEMPÔIS

Todo ó enche o terror: a noite escura
 Tendeu seu manto; pol-a sombra envolta
 A enxurrada rompeu do rego a solta
 Levando a morte as augas do Segura.

Canto atopa ao seu paso n-a planura
 C'o seu ímpetu salvaje dalle volta:
 A ponte, a casa, a eirexa, n-a revolta
 Rolando van n-o chan c'a enxurradura.

Hacha n-a sua carriage o val estreito
 E non respeta agüergullante o río
 Ne ó moito rico ne a pobreza pouca.

O labrador seu niño ve desfeito
 E sen amor, sen fillos, irto e frio
 Riba dos restos do seu lar salouca.



Epigramas


¿Disme que Jan ten un don
que non se poide negar?
E non che falta a razón
porque estando ao teu carón
ten sempre *don...de... ferrar.*



Un pintor moi presumido
dixo un día n-un mosteiro:
«A un retrato do primeiro
lle *saco* seu parescido.»

Ouvenno o padre Garrido
e lle dixo moi beato:
«Non minte vosté: ao retrato
lle *quita* seu parescido.»





(DO POETA MALACITANO NARCISO DIAZ DE ESCOVAR)

A MIÑA CUÑADA

AMELIA ALVARELIOS

Ven o frío
e son pretas
das neviscas
as folerpas.
Zoa o vento,
e marelás,
van e veñen pol-o aire
as murchadas
follas secas.

—
Salayando
triste nena
ceiba ao vento
roxas crechas...
verte bagoas,
sinte as penas...
e n-asmentres leva o vento,
remuiñadas,
follas secas.

Ven a morte,
fai sua presa...
tira a vida
d'esa nena,
cal o vento,
ás carreiras,
vai tirando, ruxidoras,
as coitadas
follas secas.



N-a morte de Jesús

(DE PLÁCIDO)

AO MEU AMIGO O ILUSTRE ORADOR SAGRADO

MARCELO MACIAS


Da moura nube co a giada fria,
Lostregos xurden qu'ao mortal espantan;
Rachando a campa os mortos se alevantan,
Tremante a terra, s'ennoitez o dia.

As crechas ondas da salgada vía
Contra das penas duras se quebrantan;
Ne as rayolas do sol o chan avantan,
Nen corre o río, ne o paxaro chia.

Cando n-o monte, preto da cidade,
Dice o Dios-home con dóor profundo:
«¡Fágase, ou Pai, tua santa voluntade!»

E inocente, sanguento, pudibundo,
Ante a raiba d'un pobo sen piedade,
Morre n-a Cruz o Salvador do mundo.





LOITAS

AO DISTINTO ESQUIRTOR, Diretor do ECO DE GALICIA da Habana

MEU AMIGO

Waldo A. Insua

Non sei que vagas ansias
latexan n-o meu peito,
nin sei que mouros sonos
aniñan n-o celebro:
non sei que tolas ambicioós magino,
non sei que louros abranguer deseio.

E aló n-o mais fondo
da buligante alma
aceso tendo o lume
das iñoradas ansias,
sinto a cobiza das grandes empregas,
sinto as envexas das grandes fazañas.

Mais logo sinto a voce
que mana da concencia
e dí: «Solo os singelos,
»os que á ninguén envexan,
»os mainos, os humildes
»se teñen a fe acesa,
»terán a paz da y-alma, o derradeiro
»para atopar a dita aquí n-a terra.»



COUSAS DA HESPAÑA

(DE ANGEL R. CHAVES)

AO INSPIRADO POETA MEU AMIGO

ALBERTO GARCIA FERREIRO

¡Canto valor! ¡Qué arroxo e gentileza!

¡Eso se chama despecial-a morte!...

Védeo da fera besta o tumbo forte

Bulrar lixeiro co a gentil destreza.

Outra vez n-o cabalo ten firmeza:

Chamando c'o rexon á nova sorte,

Esnaquizando o astil, fero Mavorte,

Rende aos seus pes do touro a fortaleza.

Rei Felipo, estar podes argulloso


Ao mirar por cen nobres cometido


Un feito tal que raia en fazañoso.

¡É lástima, pardiola, que o gemido

Traia en tal hora o eco vergoñoso

Que che relembra o Portugal perdido!






Chamada á mozedade gallega

Non pensedes n-os amores,
non vos coidedes das festas;
primeiro, libral-a patrea,
rachal-as súas cadeas,
e despois, chegado o trunfo
erguede á Galicia, erguédea
tan alta, como tan baixo
temos deixado poñel-a.

N-asmentres non chega o día
n-o que remate esa emprega,
non pensedes n-os amores,
non vos coidedes das festas;
Galicia morre, rapaces,
desfraldémol-a bandeira;
á loitar, que Diol-o manda,
á loitar por nosa terra,
por Galicia, nosa nai...
¡Gallegos... á defendel-a!





UN NÁUFRAGO

(Do libro CHISPAS de MANUEL DEL PALACIO)

Ao mestre dos poetas galiciás

MEU AMIGO

M. CURROS ENRIQUEZ


Cando joguete do trebón bravío
 Vôa á esfondarse a nao esnaquizada,
 Hai quen, posta n-o ceo á sua ollada,
 Se bota ao fondo con deseio impío.

Algunha vez rolando n-o vacío
 Logra ditoso ali tomba iñorada,
 Algunha cara á terra cobizada
 E levado do mar n-o colo frío.

Náufrago son: lanceime por meu dano
 Ao salso e sen acougo mar sen porto,
 Canto mais conescido, mais estrano.

E pechada a noite, e c'o rumbo torto,
 As ondas da door e o desengano
 Ceibáronme n-a area, ¡pero morto!





CONSELLOS

Ao meu parente FRANCISCO TETTAMANCY

I

Se queres medrar, Anton,
tés de ceibal-a concencia,
qu'é unha canga: de non, non.

Para facel-o viaxe
sendo estreita a corredoira
non se leva tal bagaxe,
pois n-as silvas do camiño
se van deixando engarradas
todal-as plumas do niño.

II

Quen n-esa rua aveciña
debe de cote ir valeiro
se quere chegar agiña.

Ispir debe a vestimenta,
se ten homía de ben,
qu'é mui lurda impedimenta,
botando cal ensenrada
seu corazón aos buxatos
hasta finar a jornada.

III

Anton, ja mais non direi:
o ésodo tes diante os ollos,
ándao presto e dí: *cheuei* . . .

.
¿Qué murcha ves á ilusión?
¿qué levas magoada a y-alma?
¿qué perdiche o corazón?

¡Eso lle abonda aos pequenos!
¡tí, en de chegando onde queres,
non os botarás de menos!



A JUSTIZA

(DO POETA MÁLAGUEÑO RAMÓN A. URBANO)

Ao meu hirman ENRIQUE


Un meu amigo unha tenda
para vendas ao miudo
abreu, ó mellor que pudo,
n-unha rua de fachenda.

Como outro fin non ó ten,
senon de ser nomeado
por bon peso e mesurado,
coida de facel-o ben.

Enchido, pois, da cobiza
para que sepan quen é,
riba da porta se lée:
Esta tenda é da *Justiza*.

Ao leel-o dixo iracundo,
ollando o letreiro un home:
«¡Cantos con tan santo nome
comerzan por este mundo!»





INSOMNIA

AO MEU AMIGO O POETA

Heraclio Pérez Páez

Cando acordo de noite á deshora
do sono tolleito,
cal medoñas fantasmas reloren
n-o escuro aposento,
os recordos de tempos pasados
que presto fugeron.

Relembrazas de ditas e doores
en roxos lostregos,
diante os ollos, en danza macabra,
somella que teño.
Co as ardentes rayolas do lume
desfanme o celebro...
Canto mais, por n'os ver, pecho os ollos
mais lostregos vexo.



ALEXANDER

OS JORNALISTAS QUE MATAN


(DE V. BALAGUER)

AO MEU BON AMIGO

Vicente Carnota

Entre d'aquel que, frente e cara á cara,
brinca riba d'un home á lle dar morte,
por maldade ou por fame, ou por senreira,
por raiba tola, ou por venganza forte;
ou aquel que, n-as rengleiras do diario,
cegado pol-a envexa que soporte,
vai pregando mui maino á coiteladas
o corazón do que escolleu por norte...
¿quéén é o mais criminal? ¿quéén o asesino?
¡Eu à Justiza demándoo d'esta sorte!





O Salgueiro e o Alciprés

(DE JOSÉ SELGAS)

AO DOUTORAL DA S. I. C. DE BURGOS, MEU AMIGO


D. ANTOLIN LOPEZ PELAEZ

Cando diante da noite que chegaba,
 Deixando o val e a carballeira amena,
 A sera melancónica e serena
 Seu misterioso manto recadaba,
 Un flacido salgueiro s'arrolaba
 E para amellarar sua eterna pena
 Con doce fala, de salayos plena,
 Ao son do vento as queixas espallaba.

«¡Triste nascín! mais pol-o mundo moran
 Seres ditosos c'a ledicia á reo
 Que o choro oculto e a tristura iñoran.»

Dixo e suas ponlas recolleu n-o seo.
 «Ditosos ¡ay! os que n-a terra choran.»
 Contestoulle o alciprés ollando ao ceo.





ÀS GLORIAS

AO MEU QUERIDO AMIGO


Indalecio Varela Lenzano

Relembrazas do pasado,
ilusíos,
é tan solo ó que vos queda,
corazós.

Mornos fogos que da noite
que vai vir,
cal estrelas derradeiras
van locir.

Fuge o tempo, e fume solo
non coidais,
ser as glorias d'esta vida,
nada mais.





O SONO

(DE LUPERCIO LEONARDO DE ARGENSOLA.)

AO MEU AMIGO O NOVELISTA GALLEGO


Aurelio Ribalta

Imagen espantábile da morte,
Sono crudel non furgues n-o meu peito,
Me mostrando tallado o ñudo estreito,
Unico ben da miña oposta sorte.

Pesquiza do tirán o muro forte
Do soberbio castelo para él feito:
Fai que o rico avarento n-o seu leito
Irto c'o medo acorde n-o trasporte.

E que vexa n-o popular tumulto
Cal as ferradas portas son abertas,
E n-o vendido servo o ferro oculto;
E vexa outro as riquezas descubertas
Con chaves falsas e con fero insulto,
Mais non tires ao amor suas glorias certas.





A PAZ DA VIDA


Ao meu amigo da alma MANUEL CASTRO LOPEZ

Direutor de EL ECO DE GALICIA de Buenos Aires

Pobre e telo corazón,
¿non ves que cego camiñas
levado pol-a ambición,
tras mentireira ilusión
por unha senda de espiñas?

Buscas ledo e sen concencia
a riqueza e podeirío
con carraxosa insistencia,
esquencido da sentencia
de que o mar sórbese o río.

E cando ao fin conquerida
do trunfo se ten a palma
vese ó caro da partida,
¡pois sô mércase n-a vida
á costa da paz da y-alma!



(DE EUSEBIO BLASCO)

AO POETA E AMIGO


Aureliano J. Pereira

Ameite de neno; non sei se me amabas,
 Ne osei preguntarcho, nin puiden sabel-o;
 Marcheime da aldea, que a sorte o dispuxo,
 Leveite n-o peito.

Tornei vitorioso; mais jay, era tarde!
 C'un home, teu dono, sortías da eirexa:
 Choraba a campana, tua dita tangendo,
 Ao ver miña pena.

Dous anos mais tarde pasei pol-o pobo;
 Hacharte ditosa coidei cal de cote.
 Non puiden logral-o, que ouvín a campana
 Choral-a tua morte.





As Horas

AO POETA E PINTOR


JOSÉ ALGUERO PENEDO

N-a traballada vida
can poucas son as horas
n-as que o mortal coidado
aos homes non prisoa.

E vemos cal agiña
fugindo van n-a sombra
as doces relembranzas
das ditas, que son poucas.

N-o troco ¡qué tardeiras,
n-o paso son as horas
n-as que c'o lurdo peso,
as penas nos abondan!






(DE EUSEBIO BLASCO)

A O M E U A M I G O E C O M P A Ñ E I R O**JESUS RODRIGUEZ LOPEZ**

N-o mais fondo do mar nasceu a perla,
N-o curuto dos montes o alel;
N-as nubes a pingota dos orballos,
N-o meu ensono tí!

Morreua perla n-a imperial coroa,
N-o búcaro gentil á murcha flor;
N-as rayolas do sol o morno orballo...
En tí o meu amor!





O viño do país

AO ENXEBRE GALLEGOS MEU BON AMIGO


Modesto Fernández González

Hai quen, se o viño cata,
é viño de Falerno,
e bébeo en áureas copas
talladas pol-o alleo.

A mí mellor me presta
o viño do Ribeiro,
bebido pol-as cuncas
n-as que os abós beberon.

¡Malditos os que mercan,
chamándose gallegos,
en chan que non é noso
aqueilo que nos temos!





Pante do Orzán

Ao autor das RIMAS, meu amigo

JUAN BARCIA CABALLERO

N-as tuas beiras, Orzán, bravio e fero
as ondas que n-a area
desfanse, marmulando, en blanca escuma,
parez como que pregan
misteriosa oración, en pranto envolta,
pol-as almas aquelas
dos que n-o fondo da salgada vía
o termo da eisistencia
hacharon, ao loitar co a tua raiba,
n-as ondas traacioneiras.

¡Ou, mare sen acougo, falso mare,
inmenso cimeterio!

As bágoas que por tí se acugularon
prestáronte seus feros;
por eso tes jou, mar! os amargores
das bágoas que verteron
os orfos dos que durmen n-o teu colo
o sono derradeiro.

¡Ou, mare sen acougo, salso mare,
inmenso cimeterio!



OS HUMILDES

AOS MEUS COMPADRES

LEANDRO MORA e MARÍA PARGA
DE MORA

Non c'as douradas arpas
ne c'os vibrantes soes
cantouse dos humildes,
senon dos trunfadores.

Non só cantar se debe
aqueles que renome
tiraron ao loitare
n-as feras hecatombes.

Non só debe gabarse
aos sabios, aos que locen,
tamén toca aos humildes,
tamén lles compre aos pobres,

á aqueles n-os que a vida
é sempre escura noite,
e salvan a concencia
que á fe lles tira á frote.

Tezámossles coroas
loubando aos que son pobres,
aos que n-a vida loitan
e sen venderse morren.

Cantemos aos humildes,
ergamos á eses homes
á quen se todo falta
a fe sempre lles sobre.



RECORDO

AOS MEUS PAÍS

Se a cruda morte vos tirou a vida,
non por eso esquencín vosos consellos:
se ben mandado fun, hoxe n'ó sinto,
e fago vos somellen vosos netos.

A dura ley da vida en vos compriuse
cando neno inda eu, ó quixo o Eterno;
mais firme c'os recordos de vosoutros
para as loitas da vida tive alentos.

N-as miñas oraciós relémbroos sempre,
non vos aparta de míñ o pensamento,
e cal eu vos amei, fago vos amen
meus fillos, c'o mais santo dos respetos.

Y en de chegando a hora de que eu vaia
á facervos compaña, aló, n-o ceo,
¡non faltarán, ao tempo que me choren,
os que un altar vos erguerán n-o peito!



10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50
51
52
53
54
55
56
57
58
59
60
61
62
63
64
65
66
67
68
69
70
71
72
73
74
75
76
77
78
79
80
81
82
83
84
85
86
87
88
89
90
91
92
93
94
95
96
97
98
99
100
101
102
103
104
105
106
107
108
109
110
111
112
113
114
115
116
117
118
119
120
121
122
123
124
125
126
127
128
129
130
131
132
133
134
135
136
137
138
139
140
141
142
143
144
145
146
147
148
149
150
151
152
153
154
155
156
157
158
159
160
161
162
163
164
165
166
167
168
169
170
171
172
173
174
175
176
177
178
179
180
181
182
183
184
185
186
187
188
189
190
191
192
193
194
195
196
197
198
199
200
201
202
203
204
205
206
207
208
209
210
211
212
213
214
215
216
217
218
219
220
221
222
223
224
225
226
227
228
229
230
231
232
233
234
235
236
237
238
239
240
241
242
243
244
245
246
247
248
249
250
251
252
253
254
255
256
257
258
259
260
261
262
263
264
265
266
267
268
269
270
271
272
273
274
275
276
277
278
279
280
281
282
283
284
285
286
287
288
289
290
291
292
293
294
295
296
297
298
299
300
301
302
303
304
305
306
307
308
309
310
311
312
313
314
315
316
317
318
319
320
321
322
323
324
325
326
327
328
329
330
331
332
333
334
335
336
337
338
339
340
341
342
343
344
345
346
347
348
349
350
351
352
353
354
355
356
357
358
359
360
361
362
363
364
365
366
367
368
369
370
371
372
373
374
375
376
377
378
379
380
381
382
383
384
385
386
387
388
389
390
391
392
393
394
395
396
397
398
399
400
401
402
403
404
405
406
407
408
409
410
411
412
413
414
415
416
417
418
419
420
421
422
423
424
425
426
427
428
429
430
431
432
433
434
435
436
437
438
439
440
441
442
443
444
445
446
447
448
449
450
451
452
453
454
455
456
457
458
459
460
461
462
463
464
465
466
467
468
469
470
471
472
473
474
475
476
477
478
479
480
481
482
483
484
485
486
487
488
489
490
491
492
493
494
495
496
497
498
499
500
501
502
503
504
505
506
507
508
509
510
511
512
513
514
515
516
517
518
519
520
521
522
523
524
525
526
527
528
529
530
531
532
533
534
535
536
537
538
539
540
541
542
543
544
545
546
547
548
549
550
551
552
553
554
555
556
557
558
559
550
551
552
553
554
555
556
557
558
559
560
561
562
563
564
565
566
567
568
569
570
571
572
573
574
575
576
577
578
579
580
581
582
583
584
585
586
587
588
589
580
581
582
583
584
585
586
587
588
589
590
591
592
593
594
595
596
597
598
599
590
591
592
593
594
595
596
597
598
599
600
601
602
603
604
605
606
607
608
609
610
611
612
613
614
615
616
617
618
619
620
621
622
623
624
625
626
627
628
629
630
631
632
633
634
635
636
637
638
639
640
641
642
643
644
645
646
647
648
649
650
651
652
653
654
655
656
657
658
659
660
661
662
663
664
665
666
667
668
669
660
661
662
663
664
665
666
667
668
669
670
671
672
673
674
675
676
677
678
679
680
681
682
683
684
685
686
687
688
689
690
691
692
693
694
695
696
697
698
699
690
691
692
693
694
695
696
697
698
699
700
701
702
703
704
705
706
707
708
709
710
711
712
713
714
715
716
717
718
719
720
721
722
723
724
725
726
727
728
729
720
721
722
723
724
725
726
727
728
729
730
731
732
733
734
735
736
737
738
739
730
731
732
733
734
735
736
737
738
739
740
741
742
743
744
745
746
747
748
749
740
741
742
743
744
745
746
747
748
749
750
751
752
753
754
755
756
757
758
759
760
761
762
763
764
765
766
767
768
769
760
761
762
763
764
765
766
767
768
769
770
771
772
773
774
775
776
777
778
779
780
781
782
783
784
785
786
787
788
789
780
781
782
783
784
785
786
787
788
789
790
791
792
793
794
795
796
797
798
799
790
791
792
793
794
795
796
797
798
799
800
801
802
803
804
805
806
807
808
809
810
811
812
813
814
815
816
817
818
819
810
811
812
813
814
815
816
817
818
819
820
821
822
823
824
825
826
827
828
829
820
821
822
823
824
825
826
827
828
829
830
831
832
833
834
835
836
837
838
839
830
831
832
833
834
835
836
837
838
839
840
841
842
843
844
845
846
847
848
849
840
841
842
843
844
845
846
847
848
849
850
851
852
853
854
855
856
857
858
859
860
861
862
863
864
865
866
867
868
869
860
861
862
863
864
865
866
867
868
869
870
871
872
873
874
875
876
877
878
879
880
881
882
883
884
885
886
887
888
889
880
881
882
883
884
885
886
887
888
889
890
891
892
893
894
895
896
897
898
899
890
891
892
893
894
895
896
897
898
899
900
901
902
903
904
905
906
907
908
909
910
911
912
913
914
915
916
917
918
919
910
911
912
913
914
915
916
917
918
919
920
921
922
923
924
925
926
927
928
929
920
921
922
923
924
925
926
927
928
929
930
931
932
933
934
935
936
937
938
939
930
931
932
933
934
935
936
937
938
939
940
941
942
943
944
945
946
947
948
949
940
941
942
943
944
945
946
947
948
949
950
951
952
953
954
955
956
957
958
959
960
961
962
963
964
965
966
967
968
969
960
961
962
963
964
965
966
967
968
969
970
971
972
973
974
975
976
977
978
979
980
981
982
983
984
985
986
987
988
989
980
981
982
983
984
985
986
987
988
989
990
991
992
993
994
995
996
997
998
999
990
991
992
993
994
995
996
997
998
999
1000

OS TRES LOITOS

(DE UNA TRADICIÓN)

BALADA

O MEU QUERIDO AMIGO DA MOCEDADE

Paul Estadien

I

Parteu o rapaz à guerra,
à guerra foise o rapaz,
e choraron saudades
a hirman, a novia e a nai.

A novia chorou un ano,
chorou dos anos a hirman,
e relembrando seu fillo
chorouno sempre a sua nai.

II

Novas chegaron ben tristes
que fora morto o rapaz,
morrendo cal os valentes,
como morrera o seu pai.

A novia sinteuno un ano,
sinteuno dous sua hirman,
e toldádoselle a y-alma
sinteuno sempre a sua nai.

III

Púxose de loito a novia,
de loito púxose a hirman,
e tendo o loito n-a y-alma
tamén ó puxo a sua nai.

Trouxo o loito un ano a novia,
dous anos a sua hirman,
e tendo o loito n-a y-alma
toda a vida o trouxo a nai.



O-a mocedade

AOS MEUS CUÑADOS

RICARDO SEIJO Y POLORES BENASSET

de Seijo

Non sei que misteriosas armonías
soaban docemente n-os ouvidos;
non sei que irisos sonos e alegrías
trubaban sen accougo meus sentidos.

O corazón aberto
e c'a verdade ispida,
juzgaba para míñ, era de certo,
estal-o mundo de ilusiós cuberto...
¡é que chegaba o despertar da vida!

Cal estintas aquelas armonías
cal eu d'aqueles sonos acordando,
así da mocedad os bellos días
o tempo, ao seu andar, foise levando.

¡Ou, meiga adolescencia
que presto és esquenida!
Rachadal-as cadeias da inocencia
cego busquei, n-as aas da inesperencia,
as murchas realidás que ofrez a vida.



(DE SAFO)

AO MEU AMIGO O POETA

Emilio Fernández Caamonde


Senreiras teñen os eternos dioses
de quen se mira n-os teus ollos bellos,
e cando falas dos teus labres zuga
tépedo alento.

Se ollarte podo, n-o meu peito sinto
que buligando se me apreta a y-alma,
a lengua trabo se de tí me chega
trémula fala.

Aceso o fogo da pasión fervente
sinto que o sangue n-os ouvidos zoa,
toldame os ollos, c'o mirar incerto,
brétema morna.

Énchome todo de mortales ánseas,
tólleme as forzas un loitar tan doce,
fugindo a vida, me parez que veñe
mélida morte.





A MAY

AO INSINE GALLEGU MEU DISTINTO AMIGO

JOSE RODRIGUEZ CARRACIDO

Os sinos se tangen,
estala o canón:
os vñtores soan,
loubando o valor.

N-a eirexa s'enlevan
os pregos á Dios,
que ao fin a vitoria
aos nosos lles dou.

A gente n-as ruas
dí: ¡viva a nación!
a música enxorda
e'o bélico són.

Atronan os fogos;
colgados balcós
a noite clarean
co a luminación.

N-asmestres n-a chouza
a nai, co a door
xurdíndolle as bagoas,
pregándolle á Dios,
pregunta se vivo
está o seu amor,
jo fillo que a patria
do lar lle tirou!



O VICIO

AO INSPIRADO MAESTRO

Don Juan Montes

Non porque seian n-o locente pazo
herdado dos maores,
ou n-a mercada habitación burguesa
d'aqueles que ben poden,
a virtú n'é virtú, ne o vicio é vicio,
e seian patrimonio só dos pobres.

Se o vicio é maor canto mais grande
e tense en mais o home,
a virtú n-o que pode, nunca abonda
mostrándose mais nobre,
pois canto mais erguido e podeiroso
facer alarde de virtú lle compre.

Non pode hachar desculpa n-o qu'é rico
que o vicio nos amostre
agachando a virtú, deixando isrido
o cancro que corre,
así n-as vilas ricas e soberbas,
que n-os burgos humildes e mais pobres.



Rústica

AO MEU AMIGO O PINTOR

ALFREDO SOUTO

I

Cando me deito á sombra dos castaños
farto do traballo da jornada,
e d'un modo geitoso arrecadado
espallo miña ollada
pol-a propia facenda e os aledaños,
parez como acougado
o aburo da y-alma comprimida
e que o esprito rexurde á nova vida.

II

Cando eu vexo os campos tan vizosos
pol-o rudo traballo tan labrados,
esplayando meus ollos deseiosos
pol-as leiras e agros non pechados,

e vexo as arboredas rescententes
prestarlle sombra aos prados
onde os pequenos cuidan garimosos,
adivirtíndose con jogos inocentes,
á facenda dos seus e dos parentes:

Cando os queixumes do pinal veciño,
o fresco rire e o singelo canto
da mocedá garrida,
e o tenro pío do páxaro n-o niño
me fan gozal-o encanto
que teñen certas cousas n-esta vida:


Cando sinto os gorgullos do regato
e bebo a fresca auga n-as calores,
comendo o froito ben logralo e grato,
chegando á min o rescender das flores;
cando gozo das fermosas alboradas
e do meigo atardecer que funde os coores
en tintas azuladas:

Cando vexo o meu lar como fumega;
que a miña dona n-a compañía anda,
dos jogos dos pequenos;
a anada que nos chega;
o ben e a saúde que Deus manda,
e non botando a vila, non, de menos,
sinto n-o interior algo que apremia
e dime que o traballo Diol-o premia.

III

E cando esmorecendo vai a sera
e de sombras ao val cubrindo a noite,
sinto das oraciós as badaladas
que lle din ao mortal: *En Deus espera;*
para que os pregos noso Deus escoite
n-as saudades do campo cobizadas,
ao buscal-o n-os Ceos c'as olladas
de gionllos, c'o esprito recollido
pol-a patrea e pol-os meus lle pido.





SERGUDE

AO AMIGO E POETA


Salvador Golpe

¡Ou, Sergude, Sergude, ledo niño,
corruncho feiticeiro!
onde hacho arrecado dos abruxos
das loitas e os axexos.

A gala e fermosura de qu'é dono,
de que dispón o Eterno,
riba de tí acogulou as cheas
a bendizón do Ceo.

¡Ou, Sergude, Sergude, ledo niño,
corruncho feiticeiro!
tí és ó mellor, tí o paradiso
do bento chan gallego.





RISAS E BÁGOAS

AOS MEUS CUÑADOS

Antonio Font e Herminia Albarellos
DE FONT

Non sei qué teño,
non sei qué sinto;
nin sei se choro,
nin sei se río.

Bágoas e risas
troco n-o niño:
se río, choro;
choro, se río.

Non sei por qué as bágoas
me toldan os ollos;
non sei por qué as risas
rebuldan n-o corpo.

Non sei qué tristeiros pensamentos
acoran miña y-alma;
nin sei qué bulidoras alegrías
o corazón esplayan.

—
Non sei qué teñío,
non sei qué sinto;
nin sei se choro,
nin sei se río.

Bágoas e risas
troco n-o niño:
se río, choro;
choro, se río.



CONSOLO


(DO AMERICANO GUTIERREZ COLL)

AO DISTINTO POETA E RESPETABLE AMIGO

D. José Pérez Ballesteros

D'unha fontiña á rente,
 esmorecido pelegrín ollaba
 o bulir da corrente,
 que aos verdes campos o frescor levaba;
 e unha bágoa ardente,
 dos seus ollos caida,
 siñal calada da desdita grave,
 correu entre das ondas confundida;
 y él marmulóu: ¡Quén sabe
 s'esta fonte sen nome
 que dalle celme á flor e vida ó ave
 ven filla á ser das bágoas d'algún home!
 Escoiteino; e miña alma
 virei á aquel por quen os orbes rixen,
 e cheo de inefable e santa calma
 o rego dos meus choros eu bendixen.





¡ ADIANTE !


AO MEU AMIGO O CATEDRÁTICO

D. Alfredo Brañas

Parez todo perdido,
somella todo morto.
¿Das rudas loitas de pasados tempos
solo bágoas lle restan á este pobo?
¿Morreu a patrea? Non: a patrea vive;
a patrea non morreu, está n-un sono.

Fagámoslle que acorde,
que o choro compre ás femias.
O pobo ten valor; tan solo chora
por non têr quen o guíe n-a pelea.
O pobo ten d'abondo forte brazo
para rachar da esclavitu as cadeias.

Sen ter quen nos dirixa
a loita dé comenza:
a trunfar ou morrer, que a causa é nobre
e ja n-a lid, non faltará un Tirteo.
Non importe morrer: os homes morren,
mais os pobos non morren, son eternos.



A vella e a lus

(DE CÁCERES PRAT)

AO SABIO ARQUEÓLOGO E NOVELISTA GALLEGO

Dr. D. Antonio López Ferreiro


Baixo o agarimo do teito
d'unha casa da devesa,
que ten o muro desfeito,
está unha vella n-un leito
e unha pobre lus acesa.

A velliña esmorecendo,
salaya e bica unha crus;
e n-un maridaxe horrendo
a vella vaise morrendo
e vaise morrendo a lus.

Da vella os delores loucos
pónenlle o peito n-a estrema,
e ao compás do seus saloucos,
da lus, ao morrer aos poucos,
a chamma n-a vela trema.

A velliña inda respira;
fumega inda a lus do seu,
muxica; aquela sospira;
a vella mirrada espira,
a tristeira lus morreu.

A unha tomba se asomella,
co a morte o sobrado en calma.
¡Morreu a lus cando a vella;
unha lus que non destella,
un corpo que deixa un alma!...




A Fé

As dúbidas crueles
ferironme n-o peito:
sintín as mordiscadas
dos mouros pensamentos
que as ilusíós mirrando
toldáronme o celebro:
adormentando a fé, virouse a vida
espavecido inferno.

Mais hoxe que arredadas
eu vexo as negras sombras,
estinta n-o meu peito
da dúvida a pezoña,
tornándome as creenzas
ja teño a fé que abunda
para trunfar das loitas d'esta vida
n-o esperamento d'outra.








PROSA







¡Miña xoya!

AO MEU AMIGO

VICTOR DE SILVA POSADA

Ben sabe Deus canto a deseiar!

E agora que a tiña ali, preto da sua man,
faltáballe a carriage para rachar o envoltorio da
carta tan longo tempo cubizada.

N-aquel anaco de papel hachábase o seu ben
ou a sua desdita, e tremaba como un vimbio,
mais que co a febre, c'o temor de ollal-a carta,
pois tiña ja de abondo adeprendido cal era sua
cavita sorte, dende que n-a flor da juventude
acometéralle o mal cansado.

Facíase mentes que, canto mais tardo fose
n-o abrir ó sobre, mais outro sería ó que lle di-
xese a carta.

¡Así somos os homes! Gústanos saber a verdade cando a juzgamos boa para nos; mais cando temos a crènza de alcontrar os feros do desengano, fugimos ó que podemos de adeprendel-a.

Mais de unha vez colleu o sobre, e mais de unha vez tornou á deixalo sen ó abrir enriba da taboa.

Sentía n-o seu peito o tolo bater do corazón, e n-as suas sés o fervor da sua pobre sangue.

Anoitecio: pol-a entreaberta finestra iban entrando pouco á pouco as negruras que enchian o espazo, e n-o campo iban calando os ruidos do dia.

Mais ennoitecidos que aquelas sombras eran os pensamentos de aquel home, e canto maior a calma da natura, mais tormentosos os seus dores!

Dende que o mal se apoderou do seu corpo, todos fugiron do cabo d'él. Amigos e parentes apegadizos, os propios e os alleos, ó deixaron sen agarimo, mais ó que doíalle era o abandono de aquela rapaza mentireira que, cando estaba cheo de saude, facía por atopal-o n-as corredoiras e congostras, n-as fuliadas e nos rueiros, hasta que se entenderon e juraron amore; e hoxe

ao velo preto da tomba ó deixaba esquencido.

Ja sabía él que morría; mais tiña medo á soedade, non á morte.

N-a carta que tiña alí á seu carón, diante dos seus ollos, viña a resposta de aquela ingratá, á quen suplicáballle o consolo da derradeira entrevista e que viñera á facerlle menos fera sua postreira hora.

¿Qué lle diría?

Decideuse ao cabo: rachou c'un movemento nervoso o sobre e foi lér a carta. Sentíase morrer, e para facer mais longa a sua esperanza, quixo que a lectura fose ao pé do castaño onde ela n-outros tempos habialle jurado amor. Parecialle que lendo a carta n-aquel corruncho santificado polos juramentos, non podía traerlle mala fada.

Chegou e escomenzou á lér. Ao ollar os primeiros renglós, sinteu como si una man de ferro lle fose oprimindo aos poucos o corazón: un pasamento lle acometeu, e seus ollos, ja cegos e sen luz, adiviñaron mais que leron ó demais da carta.

Escapóuselle ésta das mas; dou tres ou catro pasos sen concencia do que facía; sinteu como un dolor intenso n-o lado ezquierdo do seu peito;

abreu os brazos como querendo asir algo invisible; por entre os apretados labres quixo detér a vida que se lle iba, e o chavear dos dentes solo deixou sair pol-a derradeira vez un afogado berro somellante ao nome da muller amada. Logo, cal desgaxado tronco de un carballo, caeu ao longo, morto, ao pé de aquel castaño, testemuia mudo de tempos mais ditosos.

O luar, oculto tras os montes, luceu n-aquel tristeiro momento, e foi bañar co a sua plateada rayola o corpo de aquel amador sen ventura, n-asmentres n-o albre un reiseñol entoaba seu layoso asubío...



OS TRES CÁS

(TRADUCIÓN)

À MIÑA SOBRIÑA ELVIRA SEIJO BENASSET

Unha vez — así escomenzan todolos contos — había n-unha aldea tres cás de palleiro, que eran mui bôs amigos.

N-o lugar celebrouse unha boda à que foron convidados nenos, rapaces e vellos, e n-a que houbo a gran enchente.

Chegou à nariz dos cás ó que arrescendía o jantar e buscaron geito de ver como pillaban algunha tallada mais que de cote.

Para que non os visen, aconselláronse e ti-
veron o bon acordo de non ir todos n-unha
rengleira.

Foi un, o primeiro, e colouse n-a eira onde

se hachaban despelexando a chapreira e arrebañou unha boa tallada; mais cando menos se ó desprocataba, e mais segura creia tel-a presa, recibeu unha estiva de paus, que ó viraron tolo, e tivo que deixal-a preada, e tornar c' o rabo entre as pernas.

Esfameado e ben quente o lombo pol-as bóchegas què lle fixeran, chegou preto dos outros dous cás, que tiñan ja ganas de saber que tal lle fora, e así que ó ollaron preguntáronlle:

—E ben, ¿qué tal che foi? ¿Súpoche ó que repartiron?

O cán, todo vergoñoso, non quixo decil-a verdade, e que se riran d'él os outros, porque solo hubera quitado do seu viaxe o coiro maliado, e respondeulles:

—¡Ben; muy ben! Mais ó que hai que comer é moito e ten especies de abondo; ¡non se pode co él pol-ó forte e pol-ó que pica!

Os camaradas ao ouvir tal imaginaron que o primeiro cán debía ter o papo cheo, e que n-o casoiro déranlle galdrapas e osos ás cheas, e non se deprocatando do doble sentido que podía tēr ó que lles decía, outro dos compañeiros foise bulindo á casa. Chegou; meteuse n-a cocíña e chantou os dentes ao primeiro que hachou ao

alcance do fociño u-o pe do lar; mais denantes que dera a volta foi sorpreso pol-a cociñeira, que lle guindou un pote cheo de auga fervendo pol-o lombo, facéndolle dar un pulo como nunca ó dera.

Mais mollado que cán de lans cando sal do baño, e mais quente que cando chegara, brincou por onde puílo e saleu fugindo da cociña, para tornar junto dos seus amigos, tendo o bon acordo de se calar por lles non dar que rir.

— E ben, ¿cómo ó pasaches? — preguntáronlle.

— Mui ben — lles dixo; — mais aquello está quente demais, e hai que vel-o geito de que se janta, para se non queimar.

O derradeiro cán, botou suas contas, e cuidou que os convidados estarian ja n-os medios do jantar, e por ende as talladas quentes, e non querendo ser tardo para chegar ao tempo das papas de arroz, foise todo ó mais agiña que puído.

Mais, inda ben non se colara n-a casa, o demo que non durme, fixo que houbera un teste-moia da sua entrada, e un dos jornaleiros tivo o bon acerto de lle pillar o rabo contra unha porta, cando levaba ja un bon anaco de cachucha, que lle fixo deixar, e téndoo ben collido,

mallou n-él canto quixo c'o rabo da basoira, e non ó deixou hasta que lle arrancou a pelexa do rabo, ao que lle atou unha tixola vella.

O cán ao verse de aquel geito toleaba, e non volvveu junto dos seus hasta que desprendese da majencia que tiña n-o rabo, e cando chegou á carón dos seus compañeiros tivo modo de escondel-a cola para se evitar as zombas.

Os camaradas ao vel-o, juzgando pol-o que lles pasara á eles que ao seu amigo lle non debía haber ido mellor, dixeronlle con sorna:

—E á tí, ¿qué tal che foi?

E o can que ja estaba ao cabo da rua, respondelles:

—Mui ben; é unha tolería ó que alí se gasta: andan as tixolas pol-o chan e ten un que saber deixar caer o pelo.

Por moito tempo lembráronse os tres cás do sucedido, e débelles servir de exemplo aos nenos que non se atopan á modo c'o que Deus lles dona, e queren e cobizan os bés alleos.



O REDEMENTO DE BATICOLA

(Do libro CUENTOS DEL VIVAC de Federico Urrecha)

AO MEU RESPETABLE E ILUSTRE AMIGO

D. LEANDRO DE SARALEGUI Y MEDINA

Pol-a miña fé de soldado vello júrovos que se era verdade, como falábase caladiñamente n-o regimento, que a folla de servizos do tenente Baticola tiña moitas máculas, foron éstas lavadas, e lavadas d'abondo, na ermida de Alcorzuela.

Direivos como foi. A noite da sorpresa, cando o regimento collido de súpito pol-o enemigo foi afugentado, entre o bruar das cornetas que soaban sinistramente pol-as ruas e venelas de Alcorzuela, dez homes botamos tras do tenente Baticola. A verdade é que él estaba jogando ao monte con outros tales como él.

Esculcando onde agacharnos, dimos de cabeza n-a ermida. Fixo o tenente despechal-a porta ao sauteiro, e colámonos dentro cal ratos n-a rateira, curados ja do medo e dispostos á facer unha que fose soada.

Alborexou, e as primeiras rayolas do sol fixéronnos ver a Alcorzuela ao pé do monte e aos enemigos que tiñannos arrodeados n-a ermida, e arredados de nos tras dos piñeiros, n-o esperamento de poder facerse nosos donos sen dispararen un tiro. Veunos tamén Baticola, engruñou o lombo, e virándose á nosoutros:

—¿Quén quer morrer aquí? —díxonos.

Calamos todos cal petos, coidando que o tenente tiña algo que nos proponer d'acordo co a sua mala sona; mais vendo que ninguén daba unha fala, colleu a carabina do cabo Lumbrales e voceou:

—Ao primeiro que fale de saír lle espeto un tiro. ¡Olládeo ben, rapaces!

De un pulo púxose ao rentes da bufarda que abría riba da porta da ermida; botou a carabina de fora, e disparou. Ouvíuse primeiro un berro, e logo un rebumbio de tiros que resoaron c'o ruido do tamborillo n-a porta.

Aganchamos os dez como Dios nol-o dou á

entendere, e fixemos fogo pol-a bufarda; mais ninguén cal Baticola, que feito un tolo ceibaba tiros, botando por aquela boca que mesmo poñía medo.

Os outros, cansos de ter mortos inútilmente, arrimaron penica por de fora do portón e puxeron aceso o lume.

Foi un geito como calquera outro de abril-o camiño. Cando o tenente desprocatouse d'aque-lo inda quedábannos duas cartucheiras cheas. Colleunas con carriage, mandounos poñer as bacionetas n-as carabinas, e que atendésemos ás beiradas da porta; e él agachouse tras da pia d'auga benta, que somellaba un pozo. Cando caeu a porta e brincou d'entre o fume o primeiro home, fixoo deitar Baticola riba do lume, e do mesmo geito hastra seis. Os que viñan tras eles tiveron así como mentres de arripiolar, mais ao cabo viron ao tenente de pé e brincaron riba d'él como adoecídos. Inda tremo co a friage cando me lembro do que fixeron co él...

Baixáronnos logo á Alcorzuela trincados e aparellados de dous en dous, magoándonos á culatazos para facernos camiñar. Iba o cadavre de Baticola riba d'unha burra, co a vestimenta esgazada e fera esprisióu n-a cara, e o conto da

espada brincaba riba das pedras da congostra
con un *chas-chas* que arrupiaba. Ollábamol-o
nos con certo respeto, e hastra os outros iban
calados diante de aquel morto, que n-unha hora
antes tiña feito borrar as sombras do seu pasa-
do c'o lostregazo da sua derradeira fazaña.



UN HOME

AO MEU AMIGO O PUBRICISTA MILITAR

Augusto C. de Santiago Gadea

Diógenes, chamado o *Cínico*, estava afeito á andare n-a forza do dia pol-as ruas de Atenas, levando n-a sua man unha lintern acesa, para esculcar se co a sua lus podia atopar un home.

Un día que querendo vere se era mais afer tunado camiñaba ao hachou, tivo de pasar por diante da eirexa da Caridade, onde veu ás portas un crego. Púxose cabo d'él, e díxolle:

--¡Ou, señor! tede piedade de míñ e dádeme algunha esmola para que poida sostérse este pobre e mirrado vello.

Ollouno o crego, e botándolle a benzón respondeu ao prego de Diógenes:

— Co esto ja tés d'abondo — e colouse dentro da eirexa.

Segueu algo enfurruñado sua camiñata noso filósofo, e en de chegando diante unha fermosa tenda onde unha garrida rapaza empregaba os seus cartos mercando alxóuxeres e alfinetes:

— Ou, miña dona — díxolle — ja que gastades para os vosos placeres, ¿non teredes algúm agarrimo para este vello cheo de fame?

— Certo — dixo a moza — sempre teño lástema dos deslitrados; ten e merca unha bola — e doulle un diñeiro: despois a rapaza pagou mui leda ao tendeiro unha dúcia de pezas de plata por un colariño para o seu cadelo.

Foise o *Cínico* encabuxado rascando a orella, cando tropezou c'o príncipe de Salamina que pasaba n-un soberbo carro. Correu Diógenes ao carón da dourada portela, e co a pucha n-a man faloulle así:

— Parade, fillo dos dioses, escoitádeme...

— Fuge agiña, rústico — berroulle o príncipe — ou fareiche esmagar.


Un esclavo que os ollaba arredou o vello do carro, e ao mesmo tempo que lle salvaba a vida

tiroulle dous diñeiros dentro do gorro, e foise
sen atender ás gracias.

—;Ou, dioses! — clamou estoncés o sabio —
atopei ao fin o home; pmais este home é un es-
clavo!

E Diógenes matou a lus.





HABENT SUA FATA LIBELLJ


Coidei de non ter material d'abondo
para chegar ao termo do libro, pois do
moito que levo escrita e publicado non
puiden atopar a maor parte por habel-o
arredado do meu lar.

Así e todo, inda tivo medra n-o
teu dano, pio leitor; mais ti saberá-o
esculpar, pois n-o troca nada pagas, e
váiasse unha causa pol-a outra.

Adiós; ja que tiveches a boa von-
tade de chegar hasta aquí, perdoa os
moitos defectos do meu traballo, que
Dios sabe a sorte que lle depara.

Bicache a man

O autor.



ÍNDICE

	Págs.
ADICIÓN	5
Á QUEN ME LEA.....	7
COMPOSICIÓS ORIGINÁS	
VERSO	
Brétemas.....	11
As ilusíós	15
Sin nome.....	21
A Constitución	29
Epigramas.....	33
Conto	41
Epigramas.....	43
¡Vae victis!	49
Conto	53
Epigramas.....	59
Loitas	65
Chamada á mocedade gallega.....	69
Consellos.....	73
Insomnia.....	77
As Glorias	83
A paz da vida.....	87
As Horas	91
O vicio do país.....	95
Diante do Orzán.....	97
Os humildes	99
Recordo.....	101
Os tres loitos	103
N-a mocedade	105
A mal	109
O vicio	111
Rústica	113
Sorgude	117
Risas e bágoas	119
Adiante	123
A Fé	127
PROSA	
¡Miña xoya!.....	131
Un home	143
Habent sua fata libelli.....	147

TRADUCIOS

VERSO


	Págs.
Os tecelás de Silesia, de Heine	13
O derradeiro asilo, imitación de J. Richepin	17
Coitas ignales, de Bourget	23
O derradeiro desejo, imitación de Gautier	27
De Heine	31
A Patria, de Victor Balaguer	35
O Gaitero de Gijón, de Campoamor	37
O método, do mesmo	45
De Bocquer	47
Os pais e os fillos, de Campoamor	51
Á rexurdido do Señor, de Iglesias de la Casa	55
A chea, de Núñez de Arce	57
De Narciso Díaz de Escovar	61
N-a morte de Jesús, de Plácido	63
Cousas da Hespanha, de Chaves	67
Un naufrago, de Manuel del Palacio	71
A Justiza, de A. Urbano	75
Os jornalistas que matan, de Victor Balaguer	79
O Salgueiro e o Alciprés, de Selgas	81
O Sono, de Argensola	85
De Eugenio Blasco	89
Do mesmo	93
De Safo	107
Consolo, de Gutierrez Coll	121
A vella e a Ins, de Cáceres Prat	125


PROSA

Os tres cás, conto popular	135
O redemento de Baticola, de Federico de Urrecha	139









REAL ACADE
GALERA

A CORUÑA

162

Bibliote

ACADEMIA
ALEGA
CORUÑA

624

biblioteca